




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



De orde do Sr. Reitor, logo do acordo da Mesa do Claustro, teño a honra de convocar a V.S. á sesión do Claustro, que terá lugar o día 29 de maio de 2007, no Paraninfo da Reitoría, A Maestranza, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda convocatoria, da acordo coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, realizada o día 13 de abril de 2007.
2. Aprobación, se proceder, da proposta de reforma parcial dos Estatutos da Universidade da Coruña segundo o establecido para tales efectos no seu artigo 117.
3. Aprobación, se proceder, do proxecto de Estatuto do Estudantado.
4. Liquidación do exercicio económico 2006.
5. Quenda aberta de intervencións.

En relación co punto 1 da orde do día, a copia da acta da sesión anterior do Claustro estará depositada na Secretaría dos Centros a disposición dos seus membros.

En relación co punto 3 da orde do día, os membros do Claustro disporán até as 14:00 horas do día 25 (venres) de maio para a presentación, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, de suxestións ao devandito Estatuto do Estudantado, avaladas por quince claustrais.

En relación co punto 4 da orde do día, os membros do Claustro poderán consultar a documentación en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/documentos/intranet/liquidacion07.pdf>

En cumprimento da disposición final do regulamento de réxime interno do Claustro, aprobado polo Claustro na súa sesión do día 13 de abril de 2007, achégaselle tamén o texto do regulamento en cuestión.

Lémbrese aos membros do Claustro que poderán estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión do Claustro.

A Coruña, 18 de maio de 2007

O SECRETARIO XERAL

Xosé Manuel Carril Vázquez

**SRES/AS MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO**